



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 14 de xullo de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 14/07/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 14/07/2014.
- III. Intervencións no Acto Gradación do 11 de Xullo: do Director, de Don Pedro Merino, Don Javier Puga, Don Marcos González e Dona Raquel Pérez.
- IV. Guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2014-2015.
- V. Guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2014-2015.
- VI. Memoria do Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.
- VII. Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2013-2014.
- VIII. Plan de Acción Titorial para curso 2014-2015
- IX. Informe de actualización dos laboratorios de informática dos Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico.
- X. Informe de Seguimento do Plan de Difusión do Centro 2013-2014.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2014.

Enviouse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 23 de xuño de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



2. Informe do Director.

O Director informa que

- Logo das alegacións realizadas pola ETSEM e aprobadas na anterior Xunta de Escola, recibíuse da Área de Apoio á Docencia e Calidade o Informe definitivo de avaliación do seguimento interno do curso 2012/13 realizado pola ACSUG do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos coa avaliación final de Conforme, e cun mesmo contido salvo esencialmente a data do documento e un texto inicial que agora di literalmente

El proceso de seguimiento requiere un compromiso adquirido por parte del Título, del Centro y de la Universidad para la implementación de las observaciones que se señalan en el presente informe.

Dicho compromiso con la mejora queda evidenciado en el “Informe de alegaciones, comentarios o aclaraciones al informe provisional de evaluación realizado por la ACSUG, y propuesta de acciones” enviado por el Centro. Las alegaciones, comentarios o aclaraciones realizadas a las recomendaciones serán evaluadas al ser incluidas las evidencias correspondientes en el próximo autoinforme de seguimiento.

- O Xoves 10 de Xullo a Dirección reuniuse co Vicerreitor de Economía e Planificación e o Comisionado de plans estratéxicos onde se nos comunicou a asignación do equipamento de laboratorios docentes para o curso 2014. Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática. O importe total é de 25714,31€ [Curso 2014-2015: 24258,78€]. Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12). A proposta de reparto será debatida nun punto posterior de esta Xunta de Escola. Nesa reunión comentouse con eles, entre outros, os problemas detectados na aplicación DOCNET e no sistema WIFI do centro.
- Recibíuse da Área de Apoio á Docencia e Calidade Informe provisional de avaliación do seguimento interno do curso 2012/13 realizado pola Universidade do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental coa avaliación de Conforme.
- O pasado 11 de xullo celebrouse o Acto Gradación no Auditorio Centro Cultural A Fundación de Vigo. Contou coa presenza da Vicerreitora de Investigación e Transferencia, Dona María Asunción Longo González (en representación do Reitor que escusou a súa asistencia por problemas de axenda), do profesor Don Pedro Merino Gómez, primeiro Director (Comisario) da titulación de Enxeñaría de Minas (1992-



1994) na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais, do Decano-Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, Don Juan José Fernández Díaz, do Decano-Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, Don Atanasio José Peña Álvarez, do Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Don Juan De Dios Martín Aparicio e do Alcalde do Concello de Vigo Don Abel Caballero Álvarez. Escusou a súa asistencia o profesor José María Lanaja del Busto. A Lección Maxistral foi impartida por o egresado da escola Don David De Vicente López, Responsable de Mercado de Gases de Soldadura e Corte, PRAXAIR ESPAÑA e faláron en representación do alumnado Don Javier Puga Alonso, Don Marcos González Bello e Dona Raquel Pérez Orozco. As intervencións dispoñibles están visibles no apartado correspondente da páxina web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=519,0,0,1,0,0>

E axúntanse a este acta no ANEXO III. As tarefas de coordinación e organización foron levadas a cabo sobre todo por a profesora María Araújo Fernández. A Dirección agradece o traballo realizado e a asistencia das autoridades e do público.

- Na convocatoria de matrícula de Doutoramento da Universidade de Vigo

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/matricula

di agora que “Aos efectos de establecer a equivalencia dos créditos de titulacións españolas LRU con créditos de nivel de Máster (apartado II.1.1.2.b) teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Para o cómputo dos ECTS dun título universitario oficial español anterior ao RD 1393/2007 considerárase que 1 crédito da anterior regulación, ou no seu defecto, 10 horas presenciais, serán equivalentes a 1 ECTS.
 - b) En todo caso, un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior ao RD 1393/2007 será considerado equivalente como mínimo a 60 ECTS.
 - c) No caso de ter cursada e superada unha titulación oficial española organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerárase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de Máster.
- Tal e como foi informado a través das listas de distribución do centro, No apartado GASTOS da web do centro pode consultarse a Execución do Presuposto do Segundo Trimestre do 2014:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=631,689,0,0,1,0>



➤ O pasado Venres 5 de Xullo aprobouse en Comisión Permanente da EEI a seguinte proposta de complementos de formación para a admisión de alumnos procedentes do Grao en Enxeñaría da Enerxía da Universidade de Vigo no Mestrado en Enxeñaría Industrial da EEI:

- *Expresión Gráfica: expresión gráfica (9 ECTS).*
- *Informática para la ingeniería (6 ECTS).*
- *Fundamentos de automática (6 ECTS).*
- *Tecnología electrónica (6 ECTS).*
- *Fundamentos de organización de empresas (6 ECTS).*
- *Fundamentos de sistemas y tecnologías de fabricación (6 ECTS).*

Estes complementos (39 ECTS) non forman parte dos 120 ECTS do mestrado e deben ser cursados con anterioridade ó mestrado para ser admitidos. Estes complementos deberán ser cursados nos grupos correspondentes ó Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais.

As dúas primeiras correspóndense a materias de formación básica de primeiro curso da mesma rama de coñecemento de calquera Grao en Enxeñaría. As outras catro materias aparecen na nosa Memoria do Grao de Enxeñaría da Enerxía na seguinte táboa de convalidacións para alumnos que accedan ao Grao de Enxeñaría da Enerxía desde o Grao de Tecnoloxías Industriais da Universidade de Vigo:

Curso	Grao de Enerxía		Curso	Grao de Tecnoloxías Industriais
2º	Electrotecnia	←	2º	Fundamentos de Teoría de Circuitos e Máquinas Eléctricas
2º	Tecnoloxía de Materiais	←	2º	Ciencia e Tecnoloxía de Materiais
2º	Mecánica de Fluídos	←	2º	Mecánica de Fluídos
2º	Termodinámica e Transmisión de Calor	←	2º	Termodinámica e Transmisión de Calor
2º	Resistencia de Materiais	←	2º	Resistencia de Materiais
2º	Enxeñaría Mecánica	←	2º	Teoría de Máquinas e Mecanismos
Optativa Xeral 4	Organización de empresas e Sistemas de Produción e Fabricación	←	2º	Fundamentos de Organización de Empresas Fundamentos de Sistemas de Produción e Fabricación
4º Itinerario Eficiencia Enerxética	Enxeñaría de sistemas e Control	←	2º	Fundamentos de Automática.I
Itinerario Eficiencia Enerxética	Tecnoloxía Electrónica	←	2º	Tecnoloxía Electrónica
2º	Tecnoloxía Ambiental	←	4º	Enxeñaría Ambiental

O Subdirector da ETSEM David Patiño Vilas, Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía, solicitou asistir a dita Comisión Permanente da EEI con voz. Finalmente a Comisión Permanente da EEI aceptou sen modificacións a antedita proposta da Dirección da EEI.



- Realizáronse varias reunións de coordinación de materias de curso dos graos e do Plan de Acción Titorial, tratando unha valoración do curso 2013-14; as propostas de planificación do curso 2014-15; e necesidades de aula/laboratorios de informática; ou peticións de software específico. A Dirección agradece o traballo realizado por os coordinadores e titores de PAT e dos diversos cursos. O informe de coordinación do curso 2013-2014 será presentado na primeira Xunta de Escola de Setembro.
- A Dirección, xunto coa administradora do centro e o técnico informático cos responsables da empresa SPETEL que subministraron no seu día o servidor co obxecto de poñer en funcionamento óptimo. Finalmente procedeuse a reinstalación do software no servidor baixo a coordinación do Subdirector David Patiño Vilas e o Técnico Informático do ámbito tecnolóxico, José Luis Ríos Beis. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Recibiuse, e enviouse por correo a toda a comunidade de centro, o informe provisional de certificación do SGIC, aínda nin favorable nin desfavorable, xa que está aberto un prazo, que remata o 18 de setembro, para presentar planos de mellora asociados ás non conformidades maiores que aparecen. A Área de Calidade asesorará ao centro na redacción destas accións, especialmente nas que atinxen ás non conformidades que non dependen do traballo do centro senón que son cuestións que afectan á organización xeral da Universidade. Recibimos os parabéns da Área de calidade xa que entenden que o mesmo é moi positivo, xa que a comisión valorou o traballo feito no centro e salienta a implicación do equipo directivo e da Comisión de Calidade.
- Recibíronse, e enviáronse por correo electrónico, os resultados de participación e satisfacción das enquisas de avaliación das titulacións oficiais de grao e máster do curso 2013/14. O histórico da ETSEM era moi mellorable, como quedou posto de manifesto durante a certificación FIDES-AUDIT, tamén no seu informe provisional. Os resultados deste curso amosan un aumento significativo de participación en todos os sectores (33% alumnado e 36% profesorado). A Dirección agradece dita participación.
- Enviouse por correo os enlaces do Tríptico informativo do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (galego/castelán) que serán empregados como medio de difusión do mesmo. A coordinación para obter ese produto final foi levada a cabo pola profesora Elena Alonso Prieto. A Dirección agradece o traballo realizado.

En Galego:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?7c4400899bc32905b10bd936a7de687f>

En Castelán:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?78420438bb835277a6b37c04dc912e62>



3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2014-2015.

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2014-2015. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora Carmen Pérez Pérez. A Dirección agradece o traballo realizado. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobalas. Nos apartados correspondentes da web do centro estarán visibles as guías docentes dos graos cos enlaces a DOCNET, unha vez sexa pechada a aplicación mañá 15 de Xullo. Tamén poden consultarse os programas da titulación de Enxeñaría de Minas a extinguir en formato pdf. Véxase Anexo IV da presente acta.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2014-2015.

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Grao Enxeñaría da Enerxía para o curso 2014-2015. O proceso foi coordinado/supervisado polo profesor David Patiño Vilas. A Dirección agradece o traballo realizado. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobalas. Nos apartados correspondentes da web do centro estarán visibles as guías docentes dos graos cos enlaces a DOCNET, unha vez sexa pechada a aplicación o mañá 15 de Xullo. Véxase Anexo V da presente acta.

5. Aprobación, se procede, da memoria do Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.

A documentación facilitada polo coordinador do Máster imprimiuse con anterioridade a esta Xunta de Escola e foi circulada desde o inicio da mesma durante esta Xunta de Escola. Toma a palabra o Coordinador Higinio González e comenta algunhas cuestións sobre o proceso a seguir. Mantense a proposta inicial e apróbase por asentimento a memoria presentada. Acéptase que calquera modificación puntual de esta Memoria provisional sexa levada a cabo pola Comisión Académica do Máster previamente a súa revisión técnica a realizar polo Servizo da UVigo durante o mes de Agosto. Achégase a memoria aprobada como Anexo VI a esta acta.

6. Aprobación, se procede, do informe do Plan de Acción Titorial do curso 2013-2014.

O Plan de Acción Titorial é unha peza chave e imprescindible do noso SGIC, como deixou claro a Comisión Auditora no proceso de certificación FIDES-AUDIT. Enviouse por correo electrónico o informe do Plan de Acción Titorial do curso 2013-2014. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora/ Coordinadora do PAT Ángeles Saavedra. Previamente foi aprobado na Comisión de Garantía de Calidade. Nela decidíuse enviar ao profesorado responsable desde a Dirección os comentarios recollidos polos titores/mentores nas súas reunións periódicas. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobalas. A Dirección agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT e os titores/mentores. Achégase o informe aprobado como Anexo VII a esta acta. Dito informe será colgado na correspondente apartado da páxina web do centro.



7. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial para curso 2014-2015.

O Plan de Acción Titorial é unha peza chave e imprescindible do noso SGIC, como deixou claro a Comisión Auditora no proceso de certificación FIDES-AUDIT. Enviouse por correo electrónico o Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora/ Coordinadora do PAT Ángeles Saavedra. Previamente foi aprobado na Comisión de Garantía de Calidade. O documento esencialmente é o mesmo que o do curso 2013-2014 salvo a inclusión do alumnado do Máster UEM no PAT e a actualización dos titores/mentores. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobalo. A Dirección agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT e os titores/mentores. Achégase o plan aprobado como Anexo VII a esta acta. Dito informe será colgado na correspondente apartado da páxina web do centro.

8. Aprobación, se procede, da proposta de reparto do presuposto dos laboratorios docentes.

Como xa comentamos, recibimos o importe do presuposto dos laboratorios docentes do centro para o curso 2014-2015: 25714,31€ Toma a palabra o Subdirector David Patiño Vilas para dicir que os Laboratorios 12 e 13 de informática da ETSEM están infradotados para as necesidades actuais do software que é preciso executar sobre Windows7 con sistemas de 64 bits. Por iso se plantella a actualización das mesmas empregando para levalo a termo a un custe reducido empregando os seguintes componentes, é aproveitando o resto dos equipos actuais. A actualización, dacordo co informe do Técnico Informático do centro que foi enviado por email e que pode consultarse no Anexo IX, consiste en incorporar a cada equipo o seguinte:

- Placas base Gigabyte J1900N-D3V
- Memoria RAM DD3 1333 SODIM (Capacidade total 4GB)
- Discos SSD 120 Gb

Noutro momento poderán reubicarse esos componentes en caixa ad-hoc que substitúan as torres, pero hoxe non se considera imprescindible esa inversión para este exercicio. Será necesario así mesmo un importe aproximado de 5000€ para actualizar o software e poñer a punto o servidor. O estudo de actualización foi coordinado polo Técnico Informático José Luis Ríos Beis e o Subdirector David Patiño Vilas. A Dirección agradece o traballo realizado.

Para o remanente da partida proporemos que os coordinadores das áreas envíen á dirección do centro unha proposta da previsión do gasto da área para manter funcionando as prácticas actuais no curso 2014-2015, así como propostas para a realización de novas prácticas. Para elo utilizarase o Procedemento para a Xestión dos recursos materiais (IT01-PA07) empregando o formulario a Ficha de solicitude para dotación de recursos con xustificación (IT02-PA07). Ambos parte da documentación do SGIC, e aprobados no seu día en Xunta de Escola e que serán enviados en breve desde o Negociado, para poder aprobar si é posible na primeira Xunta de Escola de Setembro o gasto correspondente.



9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Enviouse con anterioridade o Informe de Seguimento do Plan de Difusión do Centro 2013-2014 realizado coa información proporcionada pola Coordinadora de Difusión, a profesora Marta Cabeza Simó. A coordinadora anima ao profesorado a participar máis activamente nas accións de transferencia científica e a Dirección recorda que as charlas nos centros son gratificadas coas dietas correspondentes e 30€ por charla. A Dirección agradece o traballo realizado. Achégase o informe aprobado como Anexo X a esta acta.

10. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a catorce de xullo de dous mil catorce.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 14/07/2014.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 14/07/2014.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 14/07/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alonso Prieto, Elena
4.	Álvarez Zaragoza, María Luisa
5.	Araújo Fernández, María
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
13.	Mandado Vázquez, Alfonso
14.	Morán González, Jorge
15.	Patiño Vilas, David
16.	Rivas Brea, Teresa
17.	Saavedra González, Ángeles
18.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Casal Echevarría, Alexandre
2.	Faro Malvar, Diego
3.	García Iglesias, Jaime
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	52
Asistentes	22

Escusa a súa asistencia:

- Don Leandro Alejano Monge



ANEXO III

Intervencións no Acto Gradación do 11 de Xullo: do Director, de Don Pedro Merino, Don Javier Puga, Don Marcos González e Dona Raquel Pérez



ANEXO IV

**Guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
para o curso 2014-2015.**



ANEXO V

Guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2014-2015.



ANEXO VI

Memoria do Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.



ANEXO VII

Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2013-2014.



ANEXO VIII

Plan de Acción Titorial para curso 2014-2015



ANEXO IX

Informe de actualización dos laboratorios de informática dos Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico.



ANEXO X

Informe de Seguimento do Plan de Difusión do Centro 2013-2014.